



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Xuño 2022

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un incremento do 29,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 1,6 puntos inferior á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,4%, 4,2 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 22,9% e nos Outros servizos o 47,3%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,8% e en España un 4,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de xuño.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un incremento do 29,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 1,6 puntos inferior á do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 23,4%, 4,2 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 22,9%, suma 16,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 47,3% e achegan 13,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 21,4% e nos *Outros servizos* o 27,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 27,4%, co que achega 13,9 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 10,8% e achega 0,4 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 11,6% co que suma 1,9 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 26,9%, o *Comercio ao retalho* o 14,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 5,2%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 47,3%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 71,3%, co que achega 10,2 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 47,0%, co que achega 1,4 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 27,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (33,1%), na *Hostalería* (54,2%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (42,2%).

Na primeira metade do ano, o índice xeral aumenta un 27,3% en Galicia e un 23,5% no conxunto de España. O *Comercio* crece un 23,7% e os *Outros servizos* un 37,7% en Galicia. España rexistra taxas inferiores, 22,3% no *Comercio* e 26,0% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (28,5%), *Transporte* (46,8%) e *Hostalería* (93,1%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 25,0% no mes de xuño.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Transporte*, cunha taxa do 49,6% achega 8,7 puntos, o *Comercio* achega 7,3 puntos, cun incremento do 21,5% e a *Hostalería*, que crece un 41,3%, achega 6,1 puntos.


No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 30,0%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (34,3%) e *Hostalería* (93,8%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 29,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 25,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xuño aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (62,0%), Canarias (40,0%) e Galicia (29,3%). Os menores incrementos rexístranse en Cantabria e Extremadura (14,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (53,6%) e Canarias (45,8%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (12,0%) e Castilla y León (15,6%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2022

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,8% respecto ao mes de xuño de 2021, dous puntos menos que en España (4,8%).

O persoal ocupado crece un 1,8% no *Comercio* e un 3,6% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,1%) e o *Transporte* (-1,5%). O maior incremento dáse na *Hostalería* (12,3%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase tamén na *Hostalería* (13,2%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,3% en Galicia e un 4,9% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 11,7% en Galicia e 15,2% en España. O Transporte é o único sector con taxa negativa, -0,5%, en Galicia, mentres que a nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (15,6%) e Canarias (7,3%). A taxa máis baixa rexístrase en Aragón (0,8%).

No acumulado do ano, os maiores crecementsos danse en Illes Balears (17,6%) e Canarias (6,8%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (1,8%) e Castilla y León e País Vasco (2,3%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	175,9	29,3	27,3
Comercio	164,9	22,9	23,7
Venta e reparación de vehículos de motor	128,0	10,8	17,3
Comercio por xunto	183,4	27,4	28,5
Comercio ao retallo	127,7	11,6	10,1
Outros servizos	207,4	47,3	37,7
Transporte	311,2	71,3	46,8
Hostalería	122,7	47,0	93,1
Información e comunicacións	137,8	23,4	17,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	162,6	3,7	6,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,0	22,7	20,0
España			
Xeral	155,6	23,4	23,5
Comercio	159,7	21,4	22,3
Venta e reparación de vehículos de motor	146,9	5,2	4,9
Comercio por xunto	177,2	26,9	29,0
Comercio ao retallo	130,0	14,9	13,5
Outros servizos	148,0	27,5	26,0
Transporte	157,9	33,1	29,2
Hostalería	133,7	54,2	84,2
Información e comunicacións	132,8	11,4	9,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	164,1	13,7	9,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	145,0	42,2	36,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	161,7	25,0	30,0
Comercio	158,6	21,5	22,1
Transporte	234,7	49,6	34,3
Hostalería	131,8	41,3	93,8
Información e comunicacións	138,2	22,5	18,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	173,5	6,0	11,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	158,8	7,7	20,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	155,6	23,4	23,5
Andalucía	147,8	21,3	19,4
Aragón	153,7	18,7	20,8
Asturias	147,6	19,6	18,8
Baleares, Illes	165,3	62,0	53,6
Canarias	129,9	40,0	45,8
Cantabria	156,5	14,5	18,6
Castilla y León	142,6	17,5	15,6
Castilla-La Mancha	155,5	16,1	16,4
Cataluña	148,6	21,6	22,6
Comunitat Valenciana	156,7	20,7	19,2
Extremadura	155,4	14,5	17,8
GALICIA	175,9	29,3	27,3
Madrid	164,7	24,5	26,8
Murcia	156,1	16,8	12,0
Navarra	175,0	29,2	23,8
País Vasco	152,3	18,7	19,2
Rioja, La	162,4	15,4	17,6

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,5	2,8	3,3
Comercio	110,4	1,8	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	98,0	-0,1	0,9
Comercio por xunto	122,2	1,3	1,1
Comercio ao retallo	106,1	2,5	3,3
Outros servizos	108,7	3,6	4,2
Transporte	101,4	-1,5	-0,5
Hostalería	103,4	12,3	11,7
Información e comunicacións	117,1	3,5	4,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,5	1,6	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,4	0,5	2,4
España			
Xeral	111,5	4,8	4,9
Comercio	107,8	2,2	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	105,4	1,2	1,3
Comercio por xunto	110,9	2,1	1,5
Comercio ao retallo	106,3	2,4	2,5
Outros servizos	113,8	6,5	6,7
Transporte	111,4	4,2	3,3
Hostalería	110,1	13,2	15,2
Información e comunicacións	118,9	5,7	5,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,6	2,9	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,4	4,8	5,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,5	4,8	4,9
Andalucía	108,6	4,9	5,2
Aragón	109,7	0,8	1,8
Asturias	107,8	3,1	3,5
Baleares, Illes	130,1	15,6	17,6
Canarias	105,7	7,3	6,8
Cantabria	108,6	2,3	4,5
Castilla y León	103,4	1,6	2,3
Castilla-La Mancha	112,2	4,6	4,7
Cataluña	115,2	5,8	6,1
Comunitat Valenciana	111,2	4,3	3,8
Extremadura	110,7	5,2	5,1
GALICIA	109,5	2,8	3,3
Madrid	111,8	5,0	4,5
Murcia	120,9	3,4	3,8
Navarra	109,6	3,4	4,4
País Vasco	106,0	2,1	2,3
Rioja, La	108,2	1,7	2,5

Fonte: N E